

## Orientacións para a semana do 8 ao 14 de Xuño.

### LUNS

- **Actividade de lecto-escritura:**

-Ficha observa detenidamente a estes chicos. Lee cada oración. Despois pon o número segundo corresponda.

**(FICHA EN ANEXO)**

- **A seguinte actividade a faremos con xeos, é super divertida.**

### XEO DE CORES

**MATERIAIS:**

- AUGA
- COLORANTE ALIMENTARIO
- ENVASES DE XEO
- VASOS
- XIRINGA
- PAUS DEPRESORES OPCIONAL

**ELABORACIÓN:**

- 1º- PON AUGA NOS VASOS (TANTOS COMA CORES DESEXES FACER)
- 2º- ENGADE UNHAS GOTAS DE COLORANTE EN CADA VASO E REMOVE. PODERÁS IR MISTURANDO E OBSERVAR QUE CORES CONSEGRES
- 3º- COA AXUDA DA XIRINGA RECHEA OS ENVASES DE XEO
- 4º- SE DESEXAS PON EN CADA COR, UN DEPRESOR PARA PODER AGARRAR OS XEOS DESPOIS DE CONXELADOS.
- 5º- INTRODUCIR NO CONXELADOR E DEIXAR QUE SOLIDIFIQUEN DURANTE VARIAS HORAS

### LISTOS PARA XOGAR

**PINTAR:**  
PON EN ACCIÓN A TÚA IMAXINACIÓN  
E FAI A TÚA CREACIÓN

**NO CHAN  
EN DISTINTOS  
PAPEIS**

**CONSTRUIR:**  
UNHA TORRE PODES FACER  
ANTES DOS XEOS DERRETER

**MISTURAR**  
PROBA DISTINTAS MISTURAS  
ASÍ TERAS DIFERENTES PINTURAS

**FAI AS TÚAS HIPÓTESES E  
COMPROBA**

## MARTES

- **Actividades de lóxica-matemática:**
  - Ficha traballamos co número 7. **(FICHA EN ANEXO)**
- **Actividade de lecto-escritura:** Podemos empregar a palabra que queiramos neste caso, empregamos Carmen. Escribiremos cada letra nunha tarxeta diferente, e debaixo de cada unha buscaremos por casa algún obxeto que comece por esa letra. Podemos repetir tantas veces como queiramos.



## MÉRCORES

- **Actividade de lectoescritura:**

-Ficha encontra as letras de globo, tomate e león. **(FICHA EN ANEXO)**

- **A seguinte actividade chámase arena cinética.** Unha vez que a fagamos, seguindo a receita, podemos xogar facendo diferentes formas e obxectos.

### ARENA CINÉTICA

#### Ingredientes

- 1/2 kilo de fariña (Millo, trigo, garavanzo ...)
- 50 ml de aceite (Oliva, xirasol...)
- Colorantes alimenticios (Se lle queremos dar cor)



#### Preparación

Botamos nun recipiente a fariña e o aceite. Mesturamos ben ata obter unha masa homoxénea e pouco a pouco ímola desmenuzando. Se non podemos con facilidade agregámoslle máis fariña. E se queda demasiado seca podemos engadirlle máis aceite.



## XOVES

- **Actividades de lóxica-matemática:**
  - Ficha unimos os números, comezando polo 1 ata o 20, para ver que debuxo nos sae . **(FICHA EN ANEXO)**.
- **Imos facer unha bolboreta de papel, PARA ISO PODEMOS VER O SEGUINTE ENLACE:**

<https://www.youtube.com/watch?v=rbeO8-pP0go&feature=youtu.be>



**IMPORTANTE:** Como xa sabedes o método de **lectoescritura** que empregamos é o fonético, por iso os nenos e nenas coñecen as letras polo seu son, non polo seu nome. Por iso para eles vailles ser máis doado que na casa sigades este método que empregamos na escola.

Por outro lado, para traballar a **lóxica- matemática** empregamos o Método ABN. Este é totalmente manipulativo e por iso, antes de facer unha ficha no papel, os nenos/as deben manipular, xuntar, separar... obxectos (garabanzos, macarróns, pinturas...) que representen esas cantidades. Repetirémolo tantas veces coma sexa necesario. Cando vexades que o comprenderon, é o momento de plasmalo no papel, nunca antes. Para calquera dúbida, sempre podedes poñervos en contacto coas mestras mediante o correo electrónico.

**TODOS OS DÍAS** é fundamental ler un conto e facer actividades a través del: preguntas de comprensión, inventar un final, facer un debuxo relativo ao mesmo,

escribir o título, reler o conto metendo errores a ver se os nenos e as nenas danse conta.

**Durante esta semana**, podemos facer a lectura do conto “Elmer”. (**CONTO EN ANEXO**).